

UNHA PRODUCCIÓN  
DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



# A BURRA, A MESA E O PAU



dirección e dramaturxia **Lorena Conde**



XUNTA  
DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

#### **Centro Dramático Galego**

Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 881 867 229  
centro.dramatico.galego@xunta.gal  
**centrodramatico.xunta.gal**  
f cdg.salonteatro  
@ cdg\_salonteatro  
YouTube centrodramatico

#### **Comunicación**

##### **Axencia Galega das Industrias Culturais**

Cidade da Cultura de Galicia  
Edificio Centro de Emprendemento  
Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 881 996 073 / 092  
prensa.agadic@xunta.gal  
**industriasculturais.xunta.gal**  
f agadic  
@ industriasculturais  
YouTube agadicvideos

UNHA PRODUCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

# A BURRA, A mESA E O PAU

dirección e dramaturxia **Lorena Conde**



A burra Moa

# ÍNDICE

<i>A oportunidade</i> , Fran Núñez.....	05
<i>Vivir na fábula</i> , Lorena Conde.....	06
Ficha artística.....	08
Funcións.....	09
Sinopse.....	10
Dirección e dramaturxia.....	12
O elenco.....	14
O equipo artístico.....	30



# A OPORTUNIDADE

Fran Núñez | Director do Centro Dramático Galego

Hai cousas que parece que sempre pasan lonxe. E mercadorías e produtos que seica veñen de lonxe. E xente que sempre viviu lonxe. Pero preto e lonxe son conceptos tan persoais e subxectivos que dependen das lentes que usemos para ver o que nos rodea.

Cando falamos de familias que viven de facer nas súas casas pezas para coches, paraugas ou prendas de roupa para multinacionais, falamos de algo que pasa lonxe. Cando falamos de cocinas, salas e comedores convertidos en improvisadas fábricas domésticas permanentes, falamos de cousas que pasan lonxe. Cando falamos de mulleres que se dan de alta en autónomos para facturar as pezas que fan na casa a nai, a avoa, a filla, a neta e ata o gato, falamos de cousas que pasan lonxe.

E aínda bo é que falamos. Porque do que non se fala é coma se non existise. E está ben falar e mesmo ver as cousas que seica pasan lonxe no espazo e no tempo; noutros países, noutros continentes, noutra época.

A sorpresa vén cando poñemos as lentes de ver de preto e descubrimos que isto pasaba e pasa en Galicia. Que os anos 90 foron a época de Cobi, Pelegrín e Curro, e de "Choio". Porque había traballo que viña á casa e iso era un choio, unha bicoca, unha oportunidade.

E a oportunidade visitou moitas casas.

A oportunidade de traballar dende a casa á hora que quixeses. A oportunidade de que toda a familia colaborase. A oportunidade de ter a casa invadida de caixas, a sala chea de pezas de coche e os manteis inzados de rebarbas de plástico. O mundo segue a estar cheo de "oportunidades" que ás veces non son tan oportunas.

Hai quen pensa que ser rico é vivir sen mirar a conta corrente. Que se o gato enferma ou o frigorífico se "constipa", poder pagar sen mirar canto queda de saldo no banco. Saír un día a ceiar fóra. Encher o depósito de gasolina. Encher a neveira. Poder ir de vacacións.

Vivir sen luxos para moita xente é un luxo. Vivir é un luxo. E así xurdiu este espectáculo, para falar de como vivir co mínimo, ou do mínimo para vivir, que parece o mesmo, pero non é. Porque neste caso, aínda que falemos de facer números, non son matemáticas, e a orde dos factores si que altera o produto.

Pero isto seica non o vemos. Como din na miña parroquia, hai que poñer "as lentes de ver".

# VIVIR NA FÁBULA

Lorena Conde | Dirección e dramaturxia

Para aquelas que vivimos na corda frouxa o azar, a casualidade, os eventos máxicos resultan un escape altamente atractivo para podermonos evadir das dificultades reais.

As pobres soñamos constantemente cun golpe de fortuna que nos saque do apuro: un décimo de lotaría premiado, un tío rico —e ata agora descoñecido— que deixa un capitaliño nalgures, os trasgos que ao coitado do zapateiro lle fixeron os zapatos nunha noite...

Cando a crueldade da miseria se presenta como inamovible por vía directa, a posibilidade destes remedios fabulosos é do pouco que pode manter á man de obra atada a un esforzo constante e infrutuoso. E, por algún motivo, preséntansenos como máis probables ca o alcance dun verdadeiro reparto xusto dos recursos dispoñibles.

*A burra, a mesa e o pau* traza unha liña pasando por eses tres puntos: unha vida de esforzos, a loita obreira e unha esperanza teimuda en solucións máxicas.

Queres que cho volva contar?





# FICHA ARTÍSTICA

Dirección e dramaturxia: **Lorena Conde**

## Elenco

**Xúlio Abonjo**  
**Maika Aguado**  
**Beatriz Barcia**  
**Xosé Manuel Esperante**  
**Andrés Giráldez**  
**Alix Ladson**  
**Roberto Leal**  
**Mario López**  
**Pablo Loureiro**  
**Carla Mojón**  
**Grial Montes**  
**Paloma Otero**  
**Paulo Serantes**  
**Nelu Vermouth**  
**Arantza Villar**

## Equipo artístico

Diseño de espazo escénico,  
diseño de iluminación,  
videocreación, diseño de  
vestiario e aderezos  
Movemento escénico e  
coreografía  
Música

Caracterización  
Confección de vestiario

Asistencia de produción  
Asistencia de dirección

**Carmen Casal, José  
Faro, Montse Piñeiro  
e María Torres Piñeiro**

**Amparo Martínez**

**Inés Salvado Gontad  
e Cibrán Seixo**  
**Carmen Casal**  
**Raquel Crespo**  
**e Neme Vázquez**  
**Keka Losada**  
**Inés Salvado Gontad**

## Agradecementos

*Roberto Rama*  
*Guillermo Fernández*  
*Alberto García Cernadas*  
*Veciñanza de Francos, aldea de Moa*  
*Familia Torres Piñeiro*  
*Moa e Mani*  
*Gregorio Grecia de la Pulga*  
*Belén Pazos Touriño*  
*Marcos Seixo Pastor*  
*Filmoteca de Galicia*

## Realizacións

Escenografía e *attrezzo*  
Vestiario  
Coordinación e corrección  
de textos | Asesoría  
lingüística  
Fotografías e vídeos  
Cartel

Deseño gráfico  
Servizo de accesibilidade e  
mediación para a captación  
de públicos  
Accesibilidade LSE  
Audiodescripción  
Programa accesible

**Equipo técnico do CDG**  
**Equipo técnico do CDG**  
**Rosa Moledo**

**Miramemira**  
**Juan Pablo Venditti**  
**e Ana Vidal**  
**Trisquelia**  
**Sheyla Fariña**

**Lucía Marcos Sanz**  
**Salomé Iglesias Gil**  
**ASPAMITE e Sheyla Fariña**

## Centro Dramático Galego

Dirección  
Produción  
Axudante de dirección,  
promoción e imaxe  
Auxiliar de produción  
Xestión  
Comunicación

Subalterno  
Publicacións

**Fran Núñez**  
**Francisco Veiga**  
**Ana Balado Fontenla**

**Óscar M. Latas**  
**Roi Rodríguez Novo**  
**Ana Miragaya**  
**e Ana Rosales**  
**Alfonso Codesido**  
**Marcelina Calvo**

## Equipo técnico

Técnico de iluminación  
Asistente de iluminación  
Técnicos de son

Encargado de estrutura  
escénica  
Tremoias

Auxiliar de imaxe e son  
Encargado de talleres  
Xastras

Limpeza

**Juanjo Amado**  
**Biqui Cabado**  
**Antonio G. Budiño,**  
**Guillermo Vázquez**  
**e Hugo Peñamaría**  
**Salvador Forján**

**Antonio Mayo,**  
**Óscar Ortega, Xaquín Rei,**  
**René Rodríguez,**  
**Suso Rodríguez, Elixio**  
**Vieites e Rubén González**  
**Juan Carlos Pacios**  
**Fernando Rodríguez**  
**María Negreira**  
**e Sandra Ríos**  
**Marisol Pérez**

# FUNCIÓNS

## Santiago de Compostela. Salón Teatro

<b>Estrea</b>	6 de marzo de 2025
<b>Funcións</b>	Do 7 de marzo ao 20 de abril de 2025. De mércores a domingo ás 18.00 h
<b>Duración</b>	100 minutos. Espectáculo recomendado para maiores de 12 anos.

### Medidas de accesibilidade



- Interpretación a LSE e subtítulos para o teléfono
  - Programa de lectura fácil
  - Os mércores, función descontráida\*
  - Audiodescrición para persoas invidentes durante o espectáculo
- \*Unha sesión cunha atmosfera acolledora e con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Cun prezo especial de 6 euros. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.


### Venda de entradas


<b>Despacho de billetes no Salón Teatro</b> (rúa Nova, 34)	Dúas horas antes de cada función
<b>Venda anticipada en liña</b>	Ataquilla.com
<b>Prezo das localidades</b>	10 euros
<b>Descontos</b>	
40 %	Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).
3x2	Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro (só no despacho de billetes do Salón Teatro).
40 %	Día do Espectador (Domingo): 6 euros.

**Campaña de mobilidade** *Sobes ao autobús do teatro?* Servizo gratuito de autobuses desde máis de 60 concellos galegos.



# SINOPSE





QUERES QUE CHO CONTE OUTRA VEZ?

*Cando o lobo comía verzas e as vacas miañaban había casas nas que soñaban as crianzas con mesas que, só con mandarullo, se cubrían de manxares; ou burras que levantaban o rabo e cagaban ouro a moreas se sabías o que había que dicirlles nas orelotas.*


*As obreiras, nais das futuras obreiras, aínda hoxe tenden o pan con chocolate e échense de dicirlles hai que traballar para vivir e tamén isto era un rei que tiña tres princesas, pechounas en tres artesas e botounas ao mar. Vólvocho contar?*

*Pero que sucede cando o traballo de fóra non dá abondo e invade tamén a mesa da cociña e a vida doméstica coma un gramón de raíz ávida?*

*Que pasa cando a mesiña dos manxares rompe, a burra escapa axitando as orelotas e o pau só obedece á voz da autoridade para bater no lombo das de sempre?*

*Pois vaite que este é o conto de fadas dunha familia obreira galega naqueles tempos nos que era máis doado crerlles os contos ás avoas que as promesas aos patróns...*

# DIRECCIÓN E DRAMATURXIA





## LORENA CONDE

### DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

Lorena Conde é dramaturga, directora escénica, actriz, artista plástica, narradora e poeta.

No seu labor como creadora sente unha especial atracción polas interseccións sorprendentes entre as artes vivas, a literatura e as artes plásticas. Ela pensa que é neses misteriosos puntos intermedios onde se producen as conexións máis fondas e perdurables.

É co-fundadora das compañías Matrioshka e A Feroz, para as que —segundo o caso— escribe, dirixe e/ou realiza labores de deseño artístico.

En 2024 foi finalista —xunto coas súas compañeiras e compañeiros dramaturgas e dramaturgos do espectáculo *Shakespeare en Roma*, escrito para o CDG—, ao premio María Casares de Teatro ao mellor texto adaptado. Na literatura ten conseguido galardóns como o XVIII Premio de poesía Miguel González Garcés, o III Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil, o XXXVI Premio de poesía Cidade de Ourense, o I Premio de Poesía Filomena Dato ou o Premio Follas Novas do Libro Galego ao mellor libro de teatro.



# O ELENCO







## XÚLIO ABONJO

Comeza na compañía Bacharel baixo a dirección de Anxo Lourido e na universidade forma parte da Aula de Teatro da USC.

Cursa estudos de Arte Dramática e realiza un Posgrao de Especialización na USC, participando ademais en talleres impartidos, entre outros, por Mariano Barroso, Leo Bassi ou Albert Boadella.

Participa na montaxe do CDG *A burla do galo* de Xan Cejudo. Traballa en compañías como Redrum, Contracontos ou Bacana. En montaxes como *Ratman&Boby*, *Os fillos de Eva* ou *Hendaya, mon amour*. En series como *Cuestión de sexo*, *Fariña* ou *Serramoura*. Series en Internet como *Amnesia 3.0*, *Entre Pipas* ou *Angélica y Roberta*. En curtametraxes como *Véxote*, *Sen chumbo* ou *Eintein-Rosen*. En TV movies como *Mar libre*, *Entre bateas* ou *Malencolía* e longametraxes como *Encallados*, *María y los demás* ou *Somos gente honrada*.



## MAIKA AGUADO

Actriz e xornalista.

Graduada en Interpretación pola ESAD de Galicia e en Xornalismo pola USC, é máster en Estudos avanzados de teatro pola Universidad Internacional de La Rioja.

A súa andaina artística comeza na compañía de teatro Vacaloura de Vigo, para posteriormente desenvolver o seu labor xornalístico en Radio Noroeste, Radio Galega, Televisión de Galicia, Televisión do Val Miñor e Tele Vigo.

Debuta na ficción audiovisual na serie *Mareas Vivas*, á que lle seguen, *Rías Baixas*, *Galicia Exprés*, *O Faro* e *Urxencia 0*. No 2022 participa no vídeo clip *Levaino* de Xurxo Fernández, co que acada co primeiro premio no festival de Cans.

Actriz de dobraxe en galego e castelán, presta a súa voz habitualmente a Marilyn Monroe, Ornella Muti, Romy Schneider, Jodie Foster, Andie Macdowell, Kathy Bates ou Jennifer Connelly, entre outras.

Profesora de Dobraxe (posgrao) na Facultade de CC. da Comunicación da USC, e de Locución Audiovisual na Facultade de CC. Sociais e da Comunicación da Uvigo.



## BEATRIZ BARCIA

Atriz e pintora.

Comeza como actriz no teatro amador Teatro Estudio Valle-Inclán de Ferrol. Fórmase en diferentes disciplinas como cabaré, iluminación, esgrima ou interpretación fronte á cámara.

Foi socia da compañía Teatro da Lúa, S.L. coa actriz, dramaturga e directora teatral Dorotea Bárcena, con quen representou os seguintes espectáculos: *Cabaret alén; De picas, cruces e carabelas; A irmandade do Graal; Celestina. (fantasía para xoguetes); Entre bastidores; As Troianas, botín de guerra; Ultimamente non durmo nada; A longa agonía das centolas; Con flores a María; e As mulleres do porvir.* Ao longo da súa traxectoria traballou baixo a dirección de Dorotea Bárcena, Roberto Salgueiro, Ovidio L. Blanco, Gina Piccirilli e Xan Cejudo.

No eido audiovisual traballou con directores como Pedro Carvajal, Marcos Estebo, Daniel Franco e Breogán Riveiro.

Foi modelo publicitaria en campaña prevención de drogas de Marcos Estebo e no Xacobeo 2010 para a Xunta de Galicia.

En 2005 obtivo o Premio compartido no concurso do deseño da figura para os IX premios de teatro María Casares da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena Galega.



## XOSÉ MANUEL ESPERANTE

Tras comezar a súa carreira na Aula de Teatro da USC, formouse con profesionais como Adan Black, Roberto Salgueiro, Andrés Lima, Cristina Domínguez, Victor Duplá, Iñaqui Aierra, Manuel Martín Cuenca, John Right, Amelia Ochandiano, Manolo Lourenzo, Natalia Mateo, Iaroslav Bielski, Iñaqui Moreno, Isabel Úbeda... Obtivo unha bolsa de perfeccionamento de estudos artísticos da Deputación da Coruña, e actualmente cursa un Máster en Estudos Avanzados de Teatro pola UNIR. Ten o grao de Historia pola USC.

Traballou en diversas compañías de teatro como o CDG, Xarope Tulú, Pedras de Cartón, Baobab, Anómico, Cámara Negra, Ibuprofeno, Arela das Artes, Caramuxo, A Factoría, Inversa, Balea Branca, UVEGÁ, Escama, Espello Cóncavo, Galileo...

No eido audiovisual participa en series, longametraxes, curtametraxes, ficcións sonoras, webseries como *Rapa*, *Clanes*, *Antes de Nós*, *Fariña*, *Lobos Sucios*, *O Tempo de Plácido Meana*, *El comisario*, *Amar en tiempos revueltos*, *Quién a hierro mata*, *Matria*, *A arte de ser (mal) pai*, *Antes de que se poña o sol*, *O ano da carracha*, *Galicia Exprés*, *A Estiba*, *Hospital Real*, *Peter Brandon*...

En 2022 é nominado a un María Casares como mellor actor secundario por *As oito da tarde cando morren as nais*, do CDG, dirixido por Marta Pazos. En 2014 recibiu o premio Pousadiño á mellor interpretación teatral por *O pack Cósmico*, de Mario Iglesias. En 2001 foi recoñecido como mellor actor na III Mostra de Curtametraxes Vila de Noia, polo seu traballo na curtametraxe *Inútil*, de Paco Rañal.



## ANDRÉS GIRÁLDEZ

A miña formación teatral está ligada case exclusivamente a compañía Tanxarina ou mellor dito, ás persoas que dun xeito ou doutro forman parte dese proxecto ou deron pé para a súa creación. Tiven a sorte de criarme entre actrices, actores, xente da música, monicreques, teas, telóns e bambalinas. Xa na miña adolescencia tiven o privilexio de colaborar con eles nunha das súas producións, onde puideron experimentar o que é a vida dunha compañía en xira.

E como por arte de maxia, un bo día do ano 1996 déronme a posibilidade de formar parte do grupo de maneira profesional e a partir de aí chegaron bolos inesquecibles con máis dunha ducia de espectáculos de produción propia e algún outro de outras compañías como o CDG, Teatro do morcego ou Companhia Certa, chegaron miles de kilómetros en furgoneta percorrendo Europa e norte de África, chegaron xiras maravillosas polo centro e sur de América e algunha incursión no mundo audiovisual en series, curtas e longametraxes.

Viva o teatro en Galego!



## ALIXA LADSON

Actriz, *performer* e creadora escénica. Formouse en interpretación en Espazo Aberto (2020) e combina esta disciplina coa súa formación en Historia da Arte (2017-2021), o que lle permite abordar a escena cunha perspectiva interdisciplinar. Entre os seus intereses destaca o traballo co son e a exploración das posibilidades expresivas da voz humana.

Iniciou a súa traxectoria en 2019 coa performance *Gatillo da Felicidade*, de Ana Borrallho e João Galante, presentada no festival Escenas do Cambio. En 2022 formou parte da obra musical *Espertar, a historia de Marina Abramovic e Ulay* dirixida por Miguel Sanromé coa compañía CRAS. A súa formación continuou con cursos de Interpretación diante da cámara con Melania Cruz e Tito Asorey, técnica vocal con María Alkayali, e tamén se expandiu cara ámbitos como o manexo de espadas con cursos de esgrima histórica.

Nos últimos anos desenvolveu proxectos como a performance *Vacío*, presentada no festival Plataforma no marco do taller Corpo en Acción con Ana Gesto, e participou en proxectos como a curtametraxe *Algo novo que contar* (2024), dirixida por Paula Pereira, ou a *performance* colectiva *Lei Eterna* de Mery País. Tamén formou parte da creación de *Ca-co-flex*, unha obra producida nas Residencias REGA da Cidade da Cultura, que reflexiona sobre a problemática da vivenda cunha escenografía construída integramente de cartón.

A súa traxectoria caracterízase pola constante exploración da relación entre corpo, son e espazo, sempre en diálogo coa contemporaneidade.



## ROBERTO LEAL

Comeza a súa carreira teatral en 1974, na cidade de Tandil, na Arxentina, e once anos máis tarde trasládase a Galicia, terra do seu pai, onde desenvolve a súa carreira profesional. Como actor participa en montaxes como *O mozo da última fila* e *Hamelín* de Redrum Teatro, *Unha rosa entre as pernas* de Teatro en Punto, *Tío Vania* de Factoría Teatro, *Ultimamente non durmo nada* de Teatro da Lúa ou *Historia natural* de Matarile teatro, entre outras. Para o CDG forma parte dos elencos do *Tartufo* de Molière, *A boa persoa de Sezuán* de Bertolt Brecht, *Illa Reunión* de Ana Vallés e *Terceiro Acto* de Andrea Jiménez e Noemí Rodríguez. Dirixe montaxes para a Compañía Saprísti, Voadora, Teatro en Punto ou Bichakadela, e desde hai trinta anos, a aula de teatro do Colexio Manuel Peleteiro. Como docente, participou na aula de teatro da USC. Destaca o seu traballo no cine con Isabel Coixet, Paula Cons, Xavier Bermúdez ou Manane Fernández, así como en numerosas series de televisión, como o seu último traballo en *Rapa* ou en *O sabor das margaridas*. En 2000 gaña o Premio María Casares ao mellor actor protagonista pola súa interpretación en *Indignos*, de Gena Baamonde, na compañía María A Parva.



## MARIO LÓPEZ

Nacido en Ferrol, pero coruñés de corazón, foi un amante do teatro desde moi pequeno. Desde os seus inicios no teatro amador, tivo claro que quería dedicar a súa vida á interpretación, o que lle levou a obter recoñecementos como o premio a Mellor Actor no XII Concurso Nacional de Teatro Grecolatino de Mérida en 2017.

Rematou fai escasos anos a súa formación en Interpretación Textual na ESAD de Galicia. Aínda que se especializou en teatro de texto, actualmente declárase apaixonado polo xesto, o movemento, o espazo, o obxecto e o texto por igual.

É un actor emerxente cunha traxectoria curta pero intensa dentro do teatro galego. Comezou a súa carreira aos 16 anos con *Flauta máxica* de Els Comediants e, na actualidade, forma parte dos espectáculos de Elefante Elegante *Alma de tigre*, *Kioky* e *Un momento precioso* e de Galeatro: *Carabela* e *Wombo combo*.

Tamén formou parte de Clown Sanesan e da Escola de Formación de Actores e Actrices de Narón.

En definitiva, un actor novo e agradecido da vida por poder "ocupar o lugar no mundo que soñou desde pequeno": enriba das táboas.





## PABLO LOUREIRO

Pablo Loureiro estudou interpretación na ESAD de Galicia. Complementou a súa formación con cursos de destacados profesionais como Fernando Tato, Ben Rivers, Tito Asorey e Andrea Isasi. No ámbito teatral, colaborou coa compañía Noite Bohemia en máis de dez espectáculos distintos, destacando en obras como *Hécuba* de Juan Mayorga, *El mercader de Venecia*, *Medea* e outras producións da compañía.

Aínda que comezou recentemente no mundo do audiovisual, a súa paixón e curiosidade levárono a participar en proxectos como *Operación Marea Negra* e *Hasta el cielo*, ambas producións de Netflix dirixidas por Daniel Calparsoro. Ademais, interpreta a personaxe de Gaitán na segunda temporada de *Los enviados*, dirixida polo oscarizado Juan José Campanella. O seu traballo máis recente é a personaxe de Arón na adaptación cinematográfica de *Dímelo bajito*, proximamente dispoñible en Amazon Prime.



## CARLA MOJÓN

Nada nunha pequena vila ourensá, marcha para estudar Maxisterio e, ao darse conta da súa verdadeira vocación remata estudando interpretación na Escola de Cristina Rota xusto tras o confinamento. Logo, formouse con mestres como Nicolás Pérez Costa, Nacho de Santís ou o grupo Action no Teatro Pavón. Ten formación en teatro grego e en teatro do Século de Ouro.

Participou como guionista, produtora e actriz na webserie gañadora do proxecto en galego da edición IX do Carballo Interplay, *Mentres non chova*. Estreou a obra *La Casa Grande y Larga* coa compañía La Regadera Escénica da que formou parte. Adaptou e interpretou unha adaptación do texto *Ulrike grita*, no ciclo de monólogos CINCO de Ifam, e participou en *Romeo y Julieta: una tragedia 360* e na *Katarsis do Tomatazo*.



## GRIAL MONTES

Graduada pola Escola Superior de Arte dramática de Galicia, comeza a súa andanza no teatro da man do teatro clásico na compañía de teatro amator Noite Bohemia.

Completa a súa formación con diversos cursos de interpretación con Mónica Portillo, Andrés Lima, Antón Coucheiro, Noemí Rodríguez, Juan Carrillo e Verónica Forqué, entre outros.

No cinema protagonizou o filme *María Solinha* e recentemente formou parte do elenco de *Lume*, una serie dirixida por Giselle Llanio e Sergio Graciano que se estreará proximamente. Tamén participou en *Historias de aquí, Salta e Señora, por favor* unha curta de Alma Alonso e María Aragón, gañadora do premio CIMA10.



## PALOMA OTERO

Actriz, produtora, guionista e docente. Comeza moi nova a súa formación como actriz en Casa Hamlet con Cilla Lourenzo e continúa no Institut del teatre de Vic (Barcelona) mentres estuda a carreira de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vic. Ao rematar, pasa pola escola de teatro, cinema e televisión Nancy Tuñón (Barcelona) varios anos. Posteriormente consegue unha bolsa de Desenvolvemento e Investigación de Estudos Artísticos da Deputación da Coruña, e grazas a ela fórmase no Stella Adler de Los Angeles. Tempo despois, pasa una longa temporada na escola de Susan Batson (Nova York).

Formouse, ademais, con profesionais como Fernando Piernas, Andrés Lima, Lorena García de las Bayonas, Jonh Strasberg, Marta Pazos, Adan Black, entre outros nomes.

No audiovisual traballou en series como *O Faro*, *Serramoura*, *Desaparecidos*, *Vivir sin Permiso*, *El caso Asunta*, *Saudade de ti*, *Método Criminal*, *El inocente*, *Servir y Proteger*, *Fariña*, *Hasta el cielo*, *Clanes*...

Na actualidade complementa a súa formación con estudos como docente de artes plásticas e visuais e tamén dirixe xunto con Lucas Terceiro a produtora La Vikinga Producciones onde produce, escribe, actúa e dirixe.



## PAULO SERANTES

Traballa internacionalmente como director de escena, actor, músico, compositor e deseñador de iluminación.

Forma parte da compañía de *clown* e teatro xestual Torgunn Produksjoner (Noruega).

Recentemente ten colaborado co Nordland Teater (Mo i Rana), Ann Sam Bell Company (Oslo), Unge Viken Teater (Lillestrøm), Danskompagniet Spinn (Göteborg), Tinderbox (Belfast), Damansara Performing Arts Center (Kuala Lumpur), Wagner College Theatre (New York) ou Manifesto Poetic Laboratory (Ámsterdam & París).



## NELU VERMOUTH

Artista interdisciplinar ou mamarracha profesional, as súas participacións van desde o teatro máis convencional ata a colaboración en instalacións, sendo a performance o código no que máis se expande a súa traxectoria.

Destaca a súa participación en varias edicións do festival Agrocuir, onde as súas creacións pretenden facer do público un axente activo máis grazas ao cal chegar conxuntamente a un pequeno 'dancing holístico'.

Partido da música e da expresión corporal (formado pola banda de gaitas do padroado de Narón e pola ESADg en teatro xestual), actualmente inmerso na creación da súa primeira compañía propia O Balcón Teatro. Con este proxecto, pretende tratar temas de política e crítica social, así como investigar tanto en novas como en antigas vangardas escénicas para intentar chegar a unha comunión transxeneracional a partir do teatro.

Adicado ás tablas polas palabras de Sarah Kane:

“Para ser perdonada  
Para ser amada  
Para ser libre”

e polas súas: “Amor, Cariño e Paciencia”



## ARANTZA VILLAR

Actriz, asistente de dirección, docente teatral.


Formouse en interpretación na Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto. Cunha formación activa e diversa, realizou numerosos cursos intensivos impartidos, entre outros, por Alberto Lima, Eva Redondo, Mónica Portillo, Sergio Paris, Mal Pelo, Marta Pazos, Helen Rowson, Ángel Burgos, Alfonso Zarauza, David Espinosa, Mónica García, Marco Vargas e Néstor Muzo.

Comeza a súa carreira profesional a finais do 2005 realizando unha substitución no musical *Misiles Melódicos* de Sanchís Sinisterra, coprodución entre o Centro Dramático de Aragón e o Centro Dramático Galego. Participou en varios proxectos das compañías Pistacatro Produtora de Soños, Nut Teatro, 3 e Fósforo.

Está moi vencellada ao Grupo Chévere, compañía coa que vén traballando desde hai máis de quince anos como actriz (*As Fillas Bravas*, *N.E.V.E.R.M.O.R.E*, *Ultranoite no País dos Ananos*, *Eurozone*, *Citizen*, *Alá no fondo hai sitio abondo*) e como asistente de dirección (*Eroski Paraíso* e *Divinas Palabras*, produción do CDG). É colaboradora habitual das *Ultranoites*, cabarés colectivos producidos por esta compañía.

No eido audiovisual participou nas series *Argonautas*, *O Sabor das Margaridas 2*, *Serramoura*, *Pazo de familia* e *Urxencia Cero* e na longametraxe *Sicixia*.

# O EQUIPO ARTÍSTICO







## DESEÑO DE ESPAZO ESCÉNICO, DESEÑO DE ILUMINACIÓN, VIDEOCREACIÓN, DESEÑO DE VESTIARIO E ADEREZOS

### José Faro "Coti"

Deseñador de escenografía e iluminación dedicado ás artes escénicas dende o ano 2015. Traballa para diversas compañías e produtoras de Galicia dando soporte na parte plástica e técnica, ofrecendo un rexistro de gran variedade de formatos e sempre na procura da excelencia. A súa traxectoria nos últimos anos lévaa a estar nomeado cinco veces aos Premios María Casares nas categorías de Mellor Escenografía e Iluminación, así como a asinar deseños para espectáculos de longo percorrido a nivel estatal como *Fariña*. No ano 2021 emprende un proxecto de laboratorio para as artes escénicas e performativas, coa vontade de afondar na relación entre creador e obra dende a investigación e o desenvolvemento de técnicas e tecnoloxías aplicadas. En 2022 foi responsable da escenografía de *Continente María*.

### Carmen Casal e María Torres

María Torres e Carmen Casal son creadoras e deseñadoras escénicas. Graduadas pola escola de arte dramático de Galicia. As Dúas e Punto nace no ano 2021 co propósito de visibilizar o traballo das escenógrafas e creadoras do sector. Apostan por crear un novo formato no ámbito das artes escénicas, propoñendo unha compañía de deseñadoras escénicas. Non atopan mellor nome baixo o que facelo que o das Marías de

Santiago, dúas mulleres que conseguiron ser e expresar ante a sociedade aquilo que ninguén se atrevía. Galardonadas dous anos seguidos no Xuventude Crea coas pezas *Agro 5G*, da compañía Mevadeus (2021) e *Asfixia*, de Vórtice escénico (2022). A súa experiencia laboral está composta por unha serie de traballos na plástica escénica nos que se poden destacar: o deseño de escenografía, iluminación e vestuario en *Outrora nós*, de Mevadeus; deseño de escenografía en *A Nai*, de Amorodio; deseño de espazo e iluminación en *Iphixenia na porta do súper*, da Compañía Humana; deseño e construción de máscaras na peza infantil *O rapto da befaña*, un texto orixinal de Paula Carballeira; deseño do espazo e vestuario de *Revolta*, da Compañía Juanito e Filomena; asistencia de escenografía e iluminación de *Lerele*, de Bala Perdida; deseñadoras do espazo escénico e vestuario da obra *Asfixia*, de Vórtice escénico, co-deseñadoras de iluminación na peza musical *Eu Fraude*, de Paula Pier, e ata o momento, deseño da escenografía da presentación do disco *Ardén*, de Mondra.

### Montse Piñeiro

Montse Piñeiro (Pontevedra, 1990) investiga a relación entre luz e corpos en movemento en proxectos de artes vivas. Formada como escenógrafa e iluminadora na ESAD de Galicia e na ESMAE do Porto, traballa en teatro, danza e audiovisual dende 2012.

Animadora autodidacta, estuda cerámica na EMAO de

Vigo e no 2019 presenta a peza *Brotar* co músico Rubén Abad, combinando cerámica e animación *stop-motion*. No 2020 recibe unha bolsa da Archie Bray Foundation (Montana) para crear ilusións ópticas que pon en escena co grupo Trilitrate, traballo que levará despois por varios países de Europa. No 2024 presenta *Glifo*, un proxecto que combina luz, animación e música.

Gañou dous premios María Casares a mellor escenografía e iluminación por *Resaca* (Ilmaquinario) e *O Deus do Pop* (Diego Anido), así como mellor espectáculo infantil de títeres coa cía. Pérez & Fernández. Nos últimos anos traballou para compañías galegas e catalanas como Sarabela, Nononon.lab, Berrobambán, Cris Blanco ou Ça Marche.



## MOVEMENTO ESCÉNICO E COREOGRAFÍA

### Amparo Martínez

Bailarina, coreógrafa e licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación.

Formouse en Danza Clásica, Danza Jazz, Danza Contemporánea e outras Técnicas de Movemento: Contact Improvisation, Body Weather, Tai-chi, Kun-Fu e Obradoiros de Coreografía.

En 1985 recibiu unha bolsa da Xunta de Galicia para continuar a formación en Danza e Coreografía na Nikolais/Louis Dance.Lab en Nova Iorque. En 1987 foi seleccionada no 1º Certamen Coreográfico de Madrid e dous anos máis tarde alcanzou a final do 3º Certame Coreográfico de Madrid (1989). Ademais, foi finalista, coa colaboración da Xunta de Galicia, no IV Fest Coreográfico Iberoamericano Óscar López Barcelona (1988). En 1989 volveu ser seleccionada no V Fest Coreográfico Iberoamericano Óscar López Barcelona.

Baila as súas creacións e forma parte do elenco en pezas de diferentes coreógrafas/os en Vigo, Ourense, Barcelona, Epinal (Francia) e Nova Iorque. Realiza os vídeo-danza *Puzzled Feet* (2007) e *Healing* (2021) e participa en diferentes festivais en Vigo, Santiago de Compostela, Atenas, Cuba, Río de Xaneiro e Caracas.

Retoma a danza despois de 30 anos cos solos *Retake*, *O Noso*, *Ousar* e *PF site-specific 023* así como *Domitila* en proceso creativo e seleccionada no V Festival Pezas dun Teatro do Porvir Galiza+Portugal (novembro 2022) da AELG.

Actualmente forma parte do elenco da produción do Teatro de Ningures *As Gardiás ou o nó do tecelán* (2024).



## MÚSICA E ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

### Inés Salvado Gontad

Actriz, música.

Licenciada en Comunicación Audiovisual pola USC, na especialidade de guión e dirección.

Graduada en Fotografía Artística pola Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo e posteriormente en Interpretación pola Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto tamén cursa estudos de grao profesional no Conservatorio de Santiago de Compostela.

Dende o 2006 vén estando vencellada coas artes escénicas ata actualidade que traballa na compañía profesional A Feroz, coa que participa como actriz nos espectáculos *Afterparty*, *Santa Inés*, *Do pracer e Da morte*, *Frío* e *Bulevar Papagaio*. No 2020 e 2021 traballou como actriz no Centro Dramático Galego na peza *O Charco de Ulises* e tamén en producións coa Real Filharmonía de Galicia como *A Bela Durminte*, *A paixón de Simone* ou *O inconformista*.

É integrante do grupo musical DE VACAS, galardoado nos Premios Martín Códax da Música en 2016 e premiado na II edición do Festival Territorio Violeta na Feria de Teatro de Ciudad Rodrigo no 2018. Ademais, é vocalista na banda de Budiño, Guadi Galego e do Coro Encaixe.



## MÚSICA

### Cibrán Seixo

Músico, arranxista e produtor. Aínda que provén dunha formación clásica ligada aos estudos de violín na Escola Superior de Música de Catalunya e na Escola de Altos Estudos Musicais, a súa carreira desenvólvese en torno á investigación e difusión da música tradicional galega e outras músicas de raíz. A experimentación harmónica e tímbrica sobre as melodías da tradición oral galega permítenlle crear un imaxinario propio presente nos seus proxectos.

Ten colaborado con artistas como Davide Salvado, Budiño, Radio Cos, Tanxugueiras ou Abraham Cupeiro, en proxectos discográficos con Xabier Díaz, Sandra Monfort ou Bøj e, como intérprete, na creación sonora de *Soy Nevenka* e *Rapa*, baixo a dirección do compositor Xavi Font.

Integrante de formacións como Fransy, Davide e Cibrán, Maricarme, Banda das Crechas ou Belem Tajés, Zeltia Irevire, tamén ten participado en festivais como o de Fez de Músicas Sagradas del Mundo, o Intercéltico de Lorient ou o GroundUp Music Festival.



## ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN

### Keka Losada

É produtora de eventos de diversa índole, que enfoca a súa vida laboral na organización de festivais galegos, tanto de música como de cinema: Festival de Cans ou Curtocircuíto, O Marisquiño, Sinsal SON Estrella Galicia na Illa de San Simón, o WOS, Festival Posidonia SON Estrella Galicia comisariado por Sinsal na Illa de Formentera ou o Festival Infantil CantoConto. Desenvolve todo tipo de tarefas nos distintos festivais nos que traballa: xestión de provedores, coordinación de equipos, hospitalidade de artistas, produción de activacións de patrocinadores...

En canto á súa formación, é titulada pola ESAD de Galicia en Interpretación Textual (2005/09) e técnica superior en Produción de Audiovisuais e Espectáculos; Programa Especializado en Xestión de Festivais do IESIDE e continúa a súa formación estudando o Grao en Comunicación Audiovisual da UVigo.

Como actriz participou en obras de teatro da Compañía Xerpo onde desempeñou papeis principais en pezas como *Salpicados* ou *Mac... yes, we can*. Así mesmo impartiu clases de teatro na Escola Municipal de Teatro do Porriño e colexios da zona. Para a TVG participou no programa *Equipo de risa* da produtora Elemental Chefs.

Ten traballado para o CDG como axudante de produción en diversos espectáculos como *O charco de Ulises* ou *A Peste*.












[centrodramatico.xunta.gal](http://centrodramatico.xunta.gal)

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg\\_salonteatro](https://www.instagram.com/cdg_salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)